

Estimados/as Colegas:

Na súa recente reunión para tratar a marcha das probas de Selectividade do pasado curso académico (xuño e setembro de 2015) e tendo en conta os distintos comentarios feitos por algúns de vós durante estas, o Grupo de Traballo de inglés tomou os seguintes acordos, que se aplicarán ás probas do curso entrante (xuño e setembro de 2016):

1. Non se fará ningún cambio na estrutura básica da proba.
2. Moitos correctores consideran excesivamente xenerosa e un agravio comparativo para os mellores alumnos a forma de avaliar as preguntas 1 e 4. Polo tanto, decidiuse cambiar os enunciados e criterios de avaliación de ambas, que agora quedarán do seguinte xeito:

**Primeira pregunta:**

*Write a summary of the text in English, including the most important points, using your own words (approximately 50 words, 1 point).*

Esta pregunta será puntuada segundo os seguintes criterios: 1. O alumno identificou as ideas principais do texto e resumiunas sen incluír información secundaria ou anecdótica (**de 0 a 0.50 puntos**). 2. O alumno expresou estas ideas en aproximadamente 50 palabras, sen copiar literalmente do texto, con coherencia, claridade, cohesión, razoable corrección gramatical e léxico axeitado ao tema (**de 0 a 0.50 puntos**).

**Cuarta Pregunta:**

*Answer the following questions in your own words. Your answer must be based on the information given in the text. (2 points: 1 point each)*

Esta pregunta formularase con dous apartados. Cada un deles valerá 1 punto e avaliarase segundo os seguintes criterios: 1. O alumnado comprendeu a pregunta que se lle formulou e a súa contestación é axeitada e relevante (**de 0 a 0.50 puntos**). 2. O alumnado expresou as súas ideas sen copiar literalmente do texto, con coherencia, claridade, cohesión, razoable corrección gramatical e léxico axeitado ao tema (**de 0 a 0.50 puntos**).

3. A hora de inicio da proba de “*Listening*” adiantarase 15 minutos, de forma que comezará ás 19.00 en lugar de ás 19.15 como ocorría ata agora. A extensión da proba manterase igual (aproximadamente 30 minutos) e os/as estudantes poderán, se así o desexan, retomar a parte escrita posteriormente e ata o final do exame ás 19.45.

Polo demais, como queda dito anteriormente, a proba permanecerá igual que nos últimos anos.

Sen máis, recibide un cordial saúdo e os meus mellores desexos para o curso que acaba de comezar.

Ourense, 2 de novembro de 2015,

Asdo. Cristina Larkin Galiñanes.

Directora do Grupo de Traballo de Inglés.